

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NARÓN

Secretaría

Plan normativo 2019. aprobación definitiva regulamentos e ordenanzas

ANUNCIO

SECRETARÍA XERAL

PLAN NORMATIVO 2019

APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTOS E ORDENANZAS

O pleno municipal do Concello de Narón na sesión celebrada o 29 de xuño de 2017 prestou aprobación ás directrices sobre a planificación, revisión e procedemento de elaboración das ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Narón (*vid.* BOB nº 127, do 6 de xullo de 2017).

Ese mesmo órgano, na sesión celebrada o 25 de outubro de 2018, aprobou o concreto contido do plan normativo para 2019, no que se recollían as propostas regulamentarias a aprobar neste período, resultando a alcaldía municipal competente para a súa impulsión; prevíndose a súa elevación posterior ao pleno municipal para a súa toma en consideración antes do 31 de outubro de cada ano natural, e a súa posterior publicación no portal municipal de transparencia.

- (I) Efectuados que o foron os devanditos trámites;
- (II) Evacuados, igualmente, un trámite de consulta previa e un trámite de audiencia e información pública na aplicación denominada Narón-Participa
<https://www.civici.com/es/naron/homepage>).
- (III) Aprobadas inicialmente polo Pleno municipal na sesión celebrada o 31 de outubro de 2019, as distintas normas xurídicas incluídas naquel plan normativo;
- (IV) Sometidas a exposición pública nos termos legalmente previstos mediante anuncio unitario publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 212, de 7 de novembro de 2019;
- (V) Entendendo, de conformidade co disposto no artigo 49 c) da lei 7/1985, de 2 de abril, definitivamente aprobadas – ao non terse producidas alegacións – as seguintes normas:
 - *Regulamento de selección de persoal funcionario interino e laboral temporal do Concello de Narón.*
 - *Ordenanza para a regulación do uso de infraestruturas do concello de narón para servizos de banda ancha; e*
 - *Estatutos do padroado de deportes.*

A tenor do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, e artigo 196.2 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, publícanse integramente os devanditos textos normativos a través de edictos individualizados, que entrarán en vigor unha vez transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985. O presente acordo poderá impugnarse ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Narón, 15 de xaneiro de 2020.

A alcaldesa.-

Asdo: Marián Ferreiro Díaz.